



Concello de Casto Verde

I CONCURSO DE MICRORRELATOS DO CONCELLO DE CASTO VERDE

INTRODUCCIÓN:

Un microrrelato é un texto narrativo con unha extensión mínima, ha de desvelar algo importante, é dicir, contar algo moi pequeno pero que teña un significado moi grande.

Débese evitar as descrições abstractas, as explicacións, os xuízos de valor e nunca tratar de convencer ó lector do que ten que sentir. Contar microrrelatos é pintar con palabras, debuxar as escenas ante os ollos do lector para que este poida comoverse (ou non) con eles.

Pensa distinto, non te conformes, fuxe dos tópicos; un non escribe para contar o que xa contaron outros, queremos que nos sorprendas e nos emociones.

Obxectivos.

OS estereotipos de xénero son crenzas fortemente arraigadas que se transmitiron de xeración en xeración de maneira inconsciente mediante actitudes, conductas, palabras, con este concurso marcámonos os seguintes obxectivos

- Visibilizar os estereotipos de xénero
- Promover o uso de linguaxe non discriminatória
- Evitar transmitir os estereotipos a través de e mediante a educación, por e para a igualdade
- Reflexionar sobre os valores que se transmiten de forma inconsciente.

BASES DA CONVOCATORIA

OBRA E TEMÁTICA

Nesta primeira convocatoria os microrrelatos terán como temática “ESTEREOTIPOS DE XENERO”; seguidamente damos una serie de frases entre as cales os participantes terán que escoller unha para o corpo do seu microrrelato.

-A muller ten que ser nai para estar realizada.

-Os homes son máis razón e as mulleres máis emoción.

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

-A cor rosa é para as nenas e a cor azul para os nenos.

-Detrás dun gran home sempre hai una gran muller.

O corpo do microrrelato deberá ter algunha referencia directa ou indirecta coa frase escollida.

PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas comprendidas entre 15 e 45 anos; cada participante deberá presentar un texto orixinal cunha extensión mínima de 100 palabras e máxima de 150 (sen incluír o título). Só se admitirá un texto por participante.

Os menores de idade, no momento de aceptar as presentes bases, deberán estar asistidos por aquel que ostente a súa tutela legal, que deberá outorgar o seu consentimento expreso, segundo o modelo incluído como Anexo I.

PRESENTACION DOS MICRORRELATOS

O microrrelato deberá remitirse escrito en lingua galega, deberá ser orixinal e inédito (isto é, non debe ser tido publicado en ningún medio ou soporte), non debe ter recibido previamente ningún premio, nin ser simultaneamente presentado noutros concursos.

O envío farase por correo electrónico ao seguinte enderezo microrrelatos.castoverde@gmail.com

No correo deberá figurar como asunto: I Concurso de microrrelatos do Concello de Casto Verde, e acompañaranse dous documentos (A e B) en formato PDF

Documento A: Nomearase co título do microrrelato e conterá exclusivamente o texto do microrrelato, en letra tipo Arial, 12 puntos, interliñado 1, 5, sen sinatura.

Documento B: Nomearase do seguinte xeito: Título do microrrelato e dentro conterá os datos identificadores da persoa autora do texto: Nome e apelidos, copia dixital do NIF, enderezo postal, correo electrónico e teléfono.

Serán excluídos do certame aqueles arquivos que conteñan datos persoais no título dos mesmos.

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 3HMDF6RK7XRJZ96J45RCT6DA | Corrección: <https://concellocastoverde.sectelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



Concello de Castroverde

Non se admitirá no presente concurso ningún microrrelato enviado fóra de prazo e en xeral calquera outro microrrelato que non cumpra as condicións expresadas nas presentes bases.

PRAZO DE PRESENTACION

Dende 29/03/2021 ate 29/04/2021

XURADO E CRITERIOS DE PUNTUACIÓN

O xurado do concurso valorará os microrrelatos tendo en conta os seguintes criterios:

- ortografía, gramática e claridade do texto
- adecuación ó tema proposto.
- a creatividade, orixinalidade e a calidade da obra.

A decisión do xurado será inapelable.

O fallo do xurado farase público o día 29/05/2021 , a partir da data de fin de prazo de presentación dos microrrelatos e será comunicado ás persoas gañadoras no mesmo día, preferentemente por vía telefónica, posteriormente a composición do xurado farase pública no momento do emitir o veredicto do concurso.

O xurado resérvase o dereito de non admitir a concurso aqueles microrrelatos que, entre outros, atenten contra os dereitos á intimidade, honra e propia imaxe de terceiros, ou que conteñan connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, lascivos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade de terceiros, contra a moral e/ou contra a orde pública.

Toda decisión do xurado será inapelable, podendo declarar o premio deserto, se tras unha análise minuciosa dos microrrelatos enviados, ningún tivese a calidade suficiente.

PREMIOS E CUANTIAS

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Casto Verde

Establécense tres premios:

| | |
|----------------|-------|
| 1º premio..... | 400 € |
| 2º premio..... | 200 € |
| 3º premio..... | 100 € |

Os textos premiados serán publicados na páxina web do Concello de Casto Verde.

Entre os participante sortearase unha Tablet.

O premio terá que ser invertido nun ou varios dos establecementos do concello de Casto Verde, Deberá xustificarse entregando no concello de Casto Verde o tiket/factura (ou varios) de compra que sumen o importe do premio obtido. Aceptaranse soamente os tikets/factura que teñan como data entre o 30/05/2021 o 29/06/2021 do presente ano. O prazo para xustificar este gasto remata o 29/06/2021 (se non se xustifica neste prazo, o premio queda anulado). Unha vez que se xustifique dentro do prazo establecido o Concello aboará á persoa autora do microrrelato (ou representante do menor debidamente acreditado :nai,pai ou titor legal) o importe correspondente do premio obtido a través dunha transferencia ó número de conta bancaria que nos facilite.

O feito de concorrer ao concurso implica a aceptación íntegra das súas bases.

PROTECCION DE DATOS.

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Casto Verde con dirección en Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Casto Verde. (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do Concurso de Microrrelatos 2021 organizados polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>

Asdo: María Luisa Freire Cordero

Concelleira Delegada de Servicios Sociais.

Concello de Casto Verde

Plaza do Concello, nº 2, Casto Verde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 3HMDF6RK7XRJZ96J45RCT6DA | Corrección: https://concellocastroverde.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



Concello de Castrolverde

ANEXO I

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NO I CONCURSO DE MICRORRELATOS DO CONCELLO DE CASTROLVERDE

Don/Dona.....
..... provisto de N.I.F. e teléfono nº como titor/a legal da persoa abaixo nomeada,

Autorizo a, menor de idade a participar no I Concurso de Microrrelatos do Concello de Castrolverde, aceptando as bases e condicións do mesmo en todos os seus aspectos así como os plans de difusión, que declaran coñecer e aceptar integramente.

Coa participación no certame declaran, do mesmo xeito, consentir expresamente o tratamento dos datos persoais recollidos por medio do presente documento así como os do/a menor ao que representa legalmente para que poida participar no certame e desfrutar no seu caso dos premios que puideran corresponderlle, así como autorizar a publicar o relato da persoa tutelada na forma que aparece de xeito explícito nas bases.

Asdo.- Titor/a Legal

Asdo.- Autorizado/a

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 3HMDLF6RK7XRJZ96J45RCT6DA | Corrección: <https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5